



* Gastos diversos, cualificados como contratos menores polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, nos que concorran as características sinaladas no punto 1.

3.-As subministracións dos conceptos 221 e 222 orixinarán a retención de crédito ao inicio do exercicio polo importe estimado dos consumos, a fin de asegurar a reserva correspondente. Á presentación dos recibos por consumos efectivos, tramitarase o documento "ADO".

Artigo 28 - Tramitación de achegas e subvencións

1.- Tramitarase o expediente administrativo de disposición do gasto no caso de achegas obrigatorias a outras administracións, sempre que o importe sexa coñecido ao inicio do exercicio.

2.- Se o importe da achega obrigatoria non fose coñecido instarase a retención de crédito pola contía estimada.

3.- A concesión de calquera tipo de subvención requirirá a formación de expediente no que conste o destinatario de fondos e os requisitos necesarios que se teñen que cumprir para que poida procederse ao pagamento, así como as causas que motivarían a obriga de reintegrar o importe percibido. A este respecto, é preciso subliñar que os fondos previstos na aplicación 929.489.00, poderán ser destinados a outras finalidades polo Pleno, que non sexan especificamente ao Fondo de Cooperación, mediante plans de actuación directa a través de Concellos do país de destino.

4.-As subvencións orixinarán documento "AD" no momento do seu outorgamento.

5.- Para que poida expedirse a orde de pagamento da subvención é imprescindible, que o servizo xestor acredite que se cumpren as condicións esixidas no acordo de concesión.

6.- Con carácter xeral, para xustificar a aplicación dos fondos recibidos, terase en conta:

a) Cando o destino da subvención é a realización dunha obra ou instalación no termo Municipal, será preciso que un técnico faga presenza no lugar e estenda acta do estado en que se atopa a obra executada.

b) Cando o destino é a adquisición de material funxible, a prestación de servizos ou outro de similar natureza, requirirase a achega de documentos orixinais acreditativos do pagamento realizado.

7.- O perceptor de calquera subvención deberá acreditar que non é debedor da facenda municipal.

8.- Cando o beneficiario sexa debedor, con posterioridade á concesión da subvención, con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, o Concello poderá acordar a compensación no momento do pagamento.

9.- En calquera caso, para a concesión de axudas e subvencións apróbanse con carácter xeral as Bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas polo Concello de Oleiros e as "Bases de financiamento de programas de cooperación ao desenvolvemento" que forman parte deste documento.

10.- Excepcionalmente, para o presente exercicio prevese a concesión das seguintes subvencións nominativas:

- Achega do Concello de Oleiros correspondente ao Premio Blanco Amor, que se realizará ao Concello que anualmente organice o certame, por importe de 360 euros, consignados na aplicación orzamentaria 80.3340.48901.
- Achega do Concello de Oleiros á Fundación Manuel María de Estudio Galegos para os gastos anuais de funcionamento, por importe de 500 euros, consignados na aplicación orzamentaria 80.3341.48100.
- Subvención á entidade Marino de Mera, C.F. por importe de 2.500 euros, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, para sufragar os gastos de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol.



- Subvención á entidade CD Mariñeiro de Mera por importe de 5.400 euros, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, para sufragar o 60% da súa aportación á organización da regata da liga galega na súa categoría.
- Subvención á entidade Club de Regatas de Perillo por importe de 4.500 euros, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, (3.600 para sufragar o 60% da súa aportación á organización da regata da liga galega na súa categoría e 900 euros para a regata feminina)

Corresponderá ao alcalde a concesión destas subvencións nominativas segundo establece o artigo 6 das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros.

Artigo 29 - Gastos de investimento

1.- A autorización de gastos de primeiro establecemento e os de ampliación e mellora, condiciónanse ao resultado previo aos correspondentes estudos de adecuación á legalidade.

2.- No expediente deberá incorporarse, en todo caso, a seguinte documentación:

- a) Proxecto, planos e memoria.
- b) Orzamento, que conterà a totalidade do custo. Se se precisase da execución de obras de urbanización avaliarase o seu custo.
- c) Prego de condicións.
- d) Constancia de que se tivese incoado o expediente de imposición de contribucións especiais ou informe da súa improcedencia, no seu caso.
- e) Amortización, razoando a vida útil estimada. No caso contrario, aplicaranse as táboas de amortización existentes a efectos fiscais.
- f) Estimación dos gastos de funcionamento e conservación en exercicios futuros, contías que serán informadas pola Intervención relativo ao cumprimento do que establece o art. 30.
- g) Informe xurídico
- h) Memoria económica que xustifique que se trata dun investimento economicamente sostible, de ser o caso.
- i) No caso de que se trate dun contrato de obra, deberá achegarse tamén acta de comprobación do replánteo, acta de recepción e informe técnico sobre a execución das posible melloras ofertadas polo adxudicatario.

3.- Os materiais de reposición de importe inferior a 600,00 euros, que correspondan a bens ou equipos que forman parte dunha unidade que se atopa prestando servizos directamente a terceiros, e que a súa reposición sexa imprescindible para que se sigan prestando estes, terán a consideración de gasto corrente, non podendo exceder por este procedemento un importe total anual de 6.000,00 euros. Se a reposición afecta a elementos da iluminación pública, o importe elévase a 2.000 euros co límite anual de 20.000 euros.

A proposta de gasto deberá ser tramitada de forma unitaria e independente, achegando unha breve memoria xustificativa e motivada da necesidade e urxencia da reposición que se propón, coa conformidade do concelleiro-a responsable da área.

Artigo 30 - Gastos plurianuais

Poderán adquirirse compromisos de gasto que teñan que estenderse a exercicios futuros para financiar investimentos e transferencias de capital, sempre que a súa execución se inicie neste exercicio e que o volume total dos gastos comprometidos para os catro anos seguintes non supere os límites do 70, 60, 50, e 50 por cen da suma de créditos iniciais consignados en cada exercicio.

En todo caso terase en conta o establecido no artigo 174 do TRLRFL.

CAPÍTULO IV - PAGAMENTOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA